



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍA E MINAS

Anuncio

Resolución do 12 de abril de 2019, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se outorgan á empresa Barras Eléctricas Galaico-Asturianas SA (BEGASA) as autorizacións administrativas previa e de construcción para a infraestrutura eléctrica denominada Ampliación subestación Ribadeo 132/20 kV: Implantación de sistema de medida nas liñas de 132 kV como puntos fronteira entre compañías, no termo municipal de Ribadeo (expediente: IN407A 2018/8662 AT).

FEITOS

Primeiro.- O 02/02/2012 a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas ditou resolución pola que se autorizou administrativamente, se aprobou o proxecto de execución e se declarou a utilidade pública, en concreto, do modificado ao proxecto da subestación Ribadeo 132/20 kV (sistema de 132 kV), no termo municipal de Ribadeo, (expediente 036/2008 AT), promovido pola empresa E.On Distribución SL (actualmente, Viesgo Distribución Eléctrica SL).

Esta infraestrutura eléctrica, actualmente propiedade da empresa Barras Eléctricas Galaico-Asturianas SA (BEGASA), presenta as seguintes características técnicas: Subestación eléctrica 132/20 kV (unicamente a parte de 132 kV) formada basicamente por un sistema en intemperie con tipoloxía de simple barra, composto por 6 posicións (dúas de liña de 132 kV, dúas de transformador de 132 kV e unha de medida de barras), e dous transformadores de 132/20/12 kV e 40/40/15 MVA de potencia, instalados, así mesmo, en intemperie, con aparellaxe composta por equipamentos convencionais e equipamentos compactos con illamento en SF₆ e edificio para albergar os equipamentos de control, protección, comunicacións, servizos auxiliares e celas de 20 kV.

Segundo.- O 07/08/2018 a empresa BEGASA presentou a solicitude de autorizacións administrativas previa e de construcción para a infraestrutura eléctrica denominada "Ampliación subestación Ribadeo 132/20 kV: Implantación de sistema de medida nas liñas de 132 kV como puntos fronteira entre compañías", acompañada do proxecto de execución.

Segundo consta no proxecto de execución, esta ampliación, que ten por obxecto establecer os puntos fronteira entre compañías eléctricas, Viesgo e Begasa, consistirá na instalación de seis transformadores de intensidade, tres para cada posición de liña de 132 kV, cunha relación de transformación de 200-400-800/5-5-5 A. Instalaranse na posición que actualmente ocupan os illadores de apoio que se atopan entre o equipo híbrido e a entrada de liña.

Terceiro.- O 03/12/2018 a Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Economía, Emprego e Industria (en adiante, xefatura territorial) ditou resolución pola que se someteu a información pública a solicitude de autorizacións administrativas previa e de construcción para a devandita infraestrutura eléctrica de ampliación da subestación Ribadeo, que se publicou no *Diario Oficial de Galicia* do 24/12/2018 e no *Boletín Oficial da Provincia* do 27/12/2018.

Durante o período en que a devandita solicitude se someteu ao trámite de información pública non se presentaron alegacións.

Cuarto.- O 06/02/2019 a xefatura territorial trasladou á Dirección Xeral de Enerxía e Minas un resumo da tramitación administrativa da devandita infraestrutura eléctrica de ampliación da subestación Ribadeo, acompañado dunha copia do expediente, para os efectos da súa resolución.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira.- A Dirección Xeral de Enerxía e Minas é competente para resolver este expediente con fundamento no Estatuto de Autonomía de Galicia; no Real decreto 2563/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de industria, enerxía e minas; no Decreto 132/1982, do 4 de novembro, sobre asunción de competencias en materia de industria, enerxía e minas e a súa asignación á Consellería de Industria, Enerxía e Comercio; no Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria e no Decreto 9/2017,

do 12 de xaneiro, polo que se establecen os órganos competentes para a resolución dos procedementos de autorización de instalacións eléctricas que sexan competencia da Comunidade Autónoma de Galicia; en relación coa Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico; co Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas; e coa Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Segunda.- No expediente instruído para o efecto cumpríronse os trámites establecidos na Lei 24/2013, do 26 de decembro; no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro; e na Resolución do 19/02/2014 da Consellería de Economía e Industria pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construcción.

De conformidade co que antecede e no exercicio das competencias que teño atribuídas,

RESOLVO

- **Outorgar á empresa Barras Eléctricas Galaico-Asturianas SA (BEGASA) as autorizacións administrativas previa e de construcción para a infraestrutura eléctrica denominada “Ampliación subestación Ribadeo 132/20 kV: Implantación de sistema de medida nas liñas de 132 kV como puntos fronteira entre compañías”, no termo municipal de Ribadeo (expediente: IN407A 2018/8662 AT).**

Todo isto con suxección ás seguintes condicións:

Primeira.- As instalacións de distribución de enerxía eléctrica que se autorizan terán que realizarse de acordo coas especificacións e planos que figuran no proxecto presentado pola empresa promotora, BEGASA, titulado “Ampliación subestación Ribadeo 132/20 kV: Implantación de sistema de medida nas liñas de 132 kV como puntos fronteira entre compañías”, asinado polo enxeñeiro industrial Damián Alonso Salas (colexiado nº 1.489 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Cantabria) e visado polo Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industrias de Galicia co nº 20182082 e data 16/07/2018, e no que figura un orzamento total de 85.559,35 €.

Segunda.- A empresa promotora asegurará o manteramento e a vixilancia correcta das instalacións durante a construcción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade.

Terceira.- En todo momento deberase cumplir canto establece o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-RAT 01 a 23, aprobado polo Real decreto 337/2014, do 9 de maio, así como demais normativa e directrices vixentes que sexan de aplicación.

Cuarta.- Para introducir modificacións nas instalacións que afecten a datos básicos do proxecto será necesaria autorización previa da Dirección Xeral de Enerxía e Minas; non obstante, a xefatura territorial poderá autorizar as modificacións de detalle do proxecto que resulten procedentes, debendo comunicar á dita dirección xeral todas as resolucións que dite en aplicación da citada facultade.

Quinta.- O prazo para a posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución. Unha vez construídas as instalacións autorizadas, a empresa promotora deberá presentar a solicitude de posta en servizo ante a xefatura territorial, quen deberá estendela tras as comprobacións técnicas que considere oportunas.

Sexta.- A Administración reserva para si o dereito a deixar sen efecto esta autorización por incumprimento das condicións estipuladas, pola facilitación de datos inexactos ou por calquera outra causa legal ou regulamentaria que así o prevexe.

Sétima.- Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

Contra a presente resolución, que non é definitiva en vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen pertinente.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2019.- O director xeral de Enerxía e Minas, Ángel Bernardo Tahoces.

R. 1261

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA
SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO**

Anuncio

O Concello de Viveiro solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de polcía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.65305.

As obras solicitadas consisten na instalación dunha tubaxe de subministro de auga duns 40 metros ao longo do camiño municipal Fonte do Souto-Garrote, para abastecer a finca de referencia catastral 27067A02600393; na zona de polcía do regato de Peruxo, no lugar de Vilar, na parroquia de Covas, no concello de Viveiro (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Viveiro ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 30 de abril de 2019.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 1260

CONCELLOS

BARALLA

Anuncio

Pola Alcaldía, con data 2 de maio de 2019, adoptouse o seguinte:

“DECRETO NÚMERO 82.- Baralla, 2 de maio de 2019

Tendo previsto ausentarme deste termo municipal durante o período de tempo que vai dende o día 3 ata o 23 de maio de 2019, e de conformidade co previsto no artigo 63 da Lei 5/97 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e o artigo 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo presente RESOLVO:

Primeiro.- Delegar a totalidade das funcións da Alcaldía deste concello, no primeiro tenente de alcalde, Don Manuel Rodríguez Vilela, dende o día 3 ata o 23 de maio de 2019, ambos inclusive.

Segundo.- Notificar o presente Decreto ó interesado e publicalo no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello.

Terceiro.- Dar conta ó Pleno desta delegación na primeira sesión que se celebre.

Acórdao, mándao e asínao o Sr. alcalde, D. Manuel Jesús González Capón e certifíco.”

Baralla, 2 de maio de 2019.- O ALCALDE, Manuel Jesús González Capón.

R. 1279

Anuncio

Aprobado polo Pleno desta Corporación, en sesión de 30 de abril de 2019 o expediente de modificación de créditos número 3/2019, dentro do vixente presupuesto municipal, por importe de 46.138 euros, e dando cumprimento ao establecido nos artigos 169 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Real Decreto Lexislativo 2/2004, exponse ao público, polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contar desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde – Presidente deste Concello.

Baralla, 2 de maio de 2019.- O ALCALDE, Manuel Jesús González Capón

R. 1280

Anuncio

Aprobado polo Pleno desta Corporación, en sesión de 30 de abril de 2019 o expediente de modificación de créditos número 4/2019, dentro do vixente presupuesto municipal, por importe de 37.819 euros, e dando cumprimento ao establecido nos artigos 169 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Real Decreto Lexislativo 2/2004, exponse ao público, polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría deste Concello, a fin de

que durante o mesmo, que empezará a contar desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde – Presidente deste Concello.

Baralla, 2 de maio de 2019.- O ALCALDE, Manuel Jesús González Capón.

R. 1281

FRIOL

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

1. Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día vinte e nove de abril do corrente, prestouse aprobación inicial ao seguinte padróns correspondentes ao primeiro trimestre do ano 2019:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga e I.V.E sobre o seu consumo (incluído o canon da auga).
- Padrón da taxa pola recollida do lixo.
- Padrón da taxa polo tratamento e eliminación de residuos.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente, ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas e canon, indicados previamente, que disponen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no vixente Regulamento Xeral de Recadación e, no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fixase como prazo de ingreso, en período voluntario, o comprendido entre o vinte e cinco de maio e o vinte e cinco de xullo de dous mil dezanove, ambos inclusive.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seránllas cargados nas contas bancarias respectivas, o día un de xuño de dous mil dezanove, data na que deberán ter saldo suficiente.

O resto dos contribuíntes deberán acudir ás Oficinas Municipais, donde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar dito pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

No caso do canon da auga, según dispón o artigo 49.7 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento de dito canon, cando polos contribuíntes afectados non se fixera efectivo o canon da auga no período voluntario sinalado, esixirase directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, faise saber que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

Friol, 2 de maio de 2019.- O ALCALDE, José Angel Santos Sánchez.

R. 1282

LUGO

Anuncio

En cumprimento do establecido nos artigos 82.3 e 88.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, faise pública a normativa do Estudo de detalle para a agregación de dúas unidades edificatorias (151104 e 151106) do Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reforma Interior (PEPRI), solicitado por dona María de la O Cabezas Fernández, en representación da entidade mercantil “Pazo de Orbán, S.L.” e aprobado definitivamente polo Excmo. Concello Pleno en sesión celebrada con data do 25-10-18 (publicado no DOG nº 235 de data do 11-12-18), que na súa parte dispositiva literalmente estableceu:

“PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente, de conformidade co informe favorable da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data do 17-09-18, o estudo de detalle para a agregación de dúas unidades edificatorias (151104 e 151106) do Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reforma Interior (PEPRI), redactado pola arquitecta dona Luisa Serrano García e solicitado por dona María de la O Cabezas Fernández, en representación da entidade mercantil “Pazo de Orbán, S.L.” (artigo 80.2 da LSG).

SEGUNDO.- Proceder á publicación deste acordo de aprobación definitiva no DOG, no prazo dun mes desde a súa adopción. Xunto coa publicación deste acordo publicarase a referencia ó enderezo electrónico no que figurará o contido íntegro deste Estudo de Detalle a disposición do público (artigo 82.2 da LSG).

TERCEIRO.- Unha vez publicado o anuncio no DOG, ó que fai referencia o anterior acordo, proceder á remisión dun exemplar deste Estudo de Detalle en soporte dixital, debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (CMAOT) para a súa inscrición no Rexistre de Planeamento Urbanístico de Galicia. Sendo esta inscrición requisito de eficacia do acordo de aprobación definitiva (artigo 88 da LSG). Posteriormente, procederase á publicación do anuncio no BOP, conforme ó establecido nos artigos 82.3 e 88.4 da LSG.

CUARTO.- Notificarles este acordo ós interesados, indicándolos que contra el poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), sen prexuízo de que poidan interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que estimen conveniente ó seu dereito.”

Segundo consta no expediente administrativo o devandito Estudo de detalle foi obxecto de inscrición, con data do 16-04-19, no Rexistre de Planeamento Urbanístico de Galicia.

“4 NORMATIVA URBANÍSTICA

4.1 PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN Y REFORMA INTERIOR DEL RECINTO AMURALLADO DE LUGO

Las parcelas incluidas en las dos unidades objeto del presente Estudio de Detalle son propiedad de Pazo de Orbán, S.L. Según el Art. 92 se permitirán parcelaciones y agregaciones hasta un máximo de dos parcelas, cuando contribuyan a la conservación general del carácter del conjunto, por implicar una mejora de relaciones con el entorno o de las condiciones de habitabilidad, o para evitar usos degradantes para el propio conjunto.

En el caso de la agregación propuesta estamos en el supuesto de mejora de las condiciones habitabilidad y posibilitar el posterior cambio de uso de vivienda a uso hotelero. El planteamiento de un futuro uso inclusivo (hotelero) en las dos unidades edificatorias, se evita la expansión de los usos degradantes en la zona, mejorando las relaciones con el entorno.

En el Art. 10 se define el Estudio de Detalle como documento para producir agregaciones.

Las unidades objeto de agregación están catalogadas:

- UD 1511-04: NIVEL 4. Edificios de interés en el ambiente urbano.
- UD 1511-06: NIVEL 3. Edificios de características tipológicas y compositivas de especial significación arquitectónica y ambiental.

Resumen parámetros de ordenación PEPRI

UNIDAD EDIFICATORIA	UD 1511-04	UD 1511-06
. Nivel de catalogación	NIVEL 4	NIVEL 3
. Calificación zonal	Burgo medieval	Burgo medieval
. Entorno de BIC	Si (Muralla y Camino Primitivo)	Sí (Muralla y Camino Primitivo)
. Tipología arquitectónica	Entre medianeras	Entre medianeras
. Elementos catalogados	Ninguno	Cornisas y recercados
. Actuaciones singulares	Reelaboración de fachada y cubierta	Ninguna
. Condiciones de uso	Vivienda unifamiliar	Vivienda. E viviendas

El presente documento únicamente plantea la agrupación de las dos unidades edificatorias, con el fin de hacer viable el futuro cambio de uso de vivienda a uso hotelero en la totalidad de las dos construcciones. No se modifican

las condiciones de ordenación relativas a la catalogación, prescripciones particulares, configuración volumétrica y de aprovechamiento de parcelas reguladas por el PEPRI.

4.2 LEI 2/2016, DO 10 DE FEBREIRO, DO SOLO DE GALICIA

Según el apartado c) del Art. 20 entra dentro de los deberes de los propietarios de suelo urbano consolidado *c) Regularizar os predios para adaptar a súa configuración ás exixencias do planeamento cando fora preciso por ser a súa superficie inferior á parcela mínima ou a súa forma inadecuada para a edificación.*

5 JUSTIFICACIÓN DE LA PROPUESTA DE AGRUPACIÓN

Se plantea la agrupación de las dos Unidades Edificatorias en base a los siguientes argumentos:

- Las parcelas catastrales afectadas por la agregación y la colindante (UD 1511-05) son del mismo propietario.
- En las unidades objeto del presente Estudio de Detalle se plantea el futuro cambio de uso, del actual de vivienda al de uso hotelero, gestionado por los propietarios del Hotel Pazo de Orbán, colindante a ambas unidades. Este futuro uso supone un refuerzo para la revitalización de la zona, actúa de forma disuasoria con los usos degradantes existentes, genera empleo y es un uso inclusivo para la ciudadanía, tal como establece en sus objetivos el Marco de actuación para el desarrollo urbano sostenible en la Unión Europea.
- La estructura interior y la posición de los núcleos de escaleras en las dos edificaciones no son los originales, alterando en el caso de la UD 1511-04 los niveles originales de forjado. El estado actual impide el uso de ambas edificaciones.
- El muro medianero no existe en planta de cubierta en la actualidad conformando un volumen único y en plantas inferiores existen huecos en éste que comunican las dos edificaciones.
- El presente Estudio de Detalle mantiene los accesos existentes en las dos edificaciones, y la configuración de fachada en la UE 1511-06. En la UD 1511-04 se plantea la modificación de huecos del eje derecho (señalado en plano 03) adaptados a normativa del PEPRI para poder desarrollar el futuro uso hotelero. No se altera la escena urbana de la zona pues se mantienen las características individuales de las fachadas en las dos unidades, conservando la estructura característica del conjunto histórico.
- La superficie útil en planta de la UD 1511-04 de 30,12m² y en la UE 1511-06 es de 44,94m², en los dos casos los inmuebles existentes cuentan con planta baja, dos plantas altas y planta bajo cubierta. Por tanto, la realidad física de los inmuebles imposibilita el desarrollo de un programa de uso en altura de forma individualizada, pues el núcleo de comunicación vertical en planta consume aproximadamente un 26% y 18% de la superficie útil en planta respectivamente, haciendo inviable el establecimiento del nuevo uso."

Lugo, 25 de abril de 2019.- A ALCALDESA, P.D. O Tenente-Alcalde Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal, (Decreto número 16008543) Xosé Daniel Piñeiro Villares. O SECRETARIO XERAL DO PLENO,) Justo Díaz Rodríguez.

R. 1262

Anuncio

Este Concello comunica a exposición pública da matrícula do IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS, correspondente ó exercicio 2019, elaborada pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, conforme dispón o artigo 91 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais e o artigo 3 do RD 243/1995, do 17 de febreiro, polo que se dictan normas para a xestión do Imposto sobre Actividades Económicas.

A matrícula, constituída polos censos comprensivos de tódolos suxeitos pasivos que exerzan actividades económicas suxeitas ó IAE, (exentos e non exentos) estará a disposición dos obrigados tributarios ou os seus representantes, durante o prazo de 15 días que comenzará a contar dende o día inmediato seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no Servicio de Facenda Local, situado na Rda. Muralla, 197, 2º andar, en horario de oficina (9:00 a 14:00 horas). Así mesmo, a dita matrícula inclúe as cotas provinciais e nacionais cando o enderezo fiscal do suxeito pasivo corresponda a este Concello.

Para a consulta dos datos da matrícula se utilizarán preferentemente medios informáticos mediante atención personalizada, debendo os interesados acreditar a condición de obrigado tributario ou o seu representante para os efectos de facilitarles o acceso á información tributaria correspondente, por tratarse de datos protexidos de conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Advírtese que a inclusión dun suxeito pasivo na matrícula, así como a exclusión ou alteración de calquera dos datos ós que esta se refire, constitúen actos administrativos contra os que cabe interpoñer, no prazo de 15 días que comenzará a contar dende o día seguinte ó do término do período de exposición pública da matrícula, recurso de reposición ante o Delegado da Axencia Estatal de Administración Tributaria de Lugo competente por razón do territorio, ou reclamación ante o Tribunal Económico-Administrativo Rexional no mesmo prazo, sen que poidan

simultanearse ámbolos dous recursos (art. 91 do RD Lexislativo 2/2004, do 05/03, e 4 do Real Decreto 243/1995, do 17 de febreiro).

Lugo, 29 de abril de 2019.- A Tenente de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico P.D. da Xunta de Goberno Local (Acordo nº 4/455 da XGL, do 07/07/2015) Asdo.: Ana Prieto Nieto.

R. 1263

SARRIA

Anuncio

Exposición pública do Padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, saneamento e depuración de augas residuais; recollida de lixo do Concello de Sarria.

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliaria de auga potable e saneamento-depuración; o padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga e recollida de lixo, correspondente ao **primeiro trimestre de 2019**, o citado padrón estará a disposición do público durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na Oficina de ESPINA & DELFÍN, S.L. sita na rúa Peregrino nº 31 Portal 1 Baixo; en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, para que os interesados poidan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos: de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA & DELFÍN, S.L. abertas ao público de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata o 1 de Xullo de 2019, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Sarria, a 9 de Abril de 2.019.- A ALCALDESA, Pilar López Yañez.

R. 1264